



— SANTIAGO CENTRO VIP —

CONVOCATORIA

1. A Fundación Santiago Centro realiza unha promoción da súa aplicación Santiago Centro VIP para incentivar desgargas e altas de usuarios na aplicación e dinamizar a campaña de vendas de outono nos comercios asociados ao centro comercial aberto.
2. O período da campaña comprende dende o 21 de setembro de 2022 ao 31 de outubro de 2022, ou ata completar os fondos destinados por Santiago Centro á promoción.
3. Santiago Centro adxudicará un saldo de regalo de 10€ ás 200 primeiras persoas que se rexistren en Santiago Centro Vip dentro do período establecido.
4. Dito saldo estará dispoñible polos usuarios para ser canxeado nos establecementos adheridos a Santiago Centro Vip no mesmo período que dura a campaña (21 setembro-31 outubro).
5. A data límite establecida para canxear o saldo achegado por Santiago Centro aos usuarios será o día 31 de outubro.

REQUISITOS

6. Para participar, os interesados deberán darse de alta en Santiago Centro Vip descargando a aplicación dispoñible en Android e IOS.
7. Unha vez feito o rexistro o usuario disporá dun perfil na aplicación, onde poderá consultar o seu saldo.
8. O saldo será canxeable mediante identificación do cliente no comercio no momento da compra.
9. Os establecementos adheridos a Santiago Centro Vip poden consultarse na propia app, no botón "Establecementos".
10. Ademais da opción de rexistrarse mediante a app, o usuario pode facer o rexistro nos comercios adheridos a Santiago Centro VIP. O comercio entregará ao usuario unha tarxeta física coa que tamén se poderá identificar.
11. Á marxe do saldo de regalo correspondente a esta promoción, os usuarios poden consultar na app os distintos descontos dispoñibles en cada comercio adherido e o seu saldo acumulado en cada compra.

INCIDENCIAS

12. As posibles incidencias sobre o canxe do saldo pódense comunicar a Santiago Centro no correo info@santiagocentro.gal